

## INSTRUCCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS

O Consello de Redacción de *Cuadernos de Estudios Gallegos* rógalles aos autores e ás autoras que teñan en conta as seguintes instrucións de publicación:

### MATERIAIS

**Artigos:** *Cuadernos de Estudios Gallegos* publica preferentemente en galego, español, portugués, inglés, alemán e francés. Os artigos que se ofrezan para a súa publicación deberán ser orixinais, e será requisito obrigatorio que os autores e as autoras asinen no momento do envío das súas propostas unha declaración explícita de que os textos son orixinais, que non foron publicados noutros idiomas, que non foron enviados simultaneamente a outras revistas ou publicacións para a súa avaliación, que ningunha parte do artigo xa fora publicada ou, no seu caso, unha declaración de conflito de interese, todo isto segundo o modelo dispoñible en <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/>. Se os manuscritos foron presentados como comunicación ou relatorio, deberase indicar expresamente nunha nota inicial. Tras a revisión e aceptación do artigo por parte do Consello de Redacción, unha vez sometido a arbitraje, será imprescindible que os autores e as autoras asinen a aceptación das condicións do *copyright* da revista segundo o modelo dispoñible en <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/>.

Os orixinais presentaranse con paxinación correlativa e notas a rodapé, colocando obrigatoriamente no remate do artigo a bibliografía citada. Nesta listaxe bibliográfica –por orde alfabética de autores e autoras e, no caso de varias obras dunha mesma persoa, ordenadas por orde cronolóxica e repetindo a autoría– non se empregarán maiúsculas ou versais nos seus nomes e apelidos, nin abreviaturas “*ibid.*” ou similares, como impón o sistema *Digital Object Identifier* (DOI). Ademais, os primeiros apelidos que vaian acompañados por preposición, ou por preposición e artigo, indizaranse pola letra correspondente á preposición. O resto de elementos rexeranse polas normas de estilo para elaborar referencias bibliográficas que se indican máis adiante (Véxase o apartado “Citas bibliográficas”):

### Exemplos:

Salazar y Castro, Luis de, *Historia genealógica de la Casa de Haro*, edición, prólogo e notas de don Dalmiro de la Válgoma e Díaz-Varela, Madrid, Real Academia de la Historia, 1959 (Archivo Documental Español, 15).

Villa-Amil y Castro, José, *Los códices de las iglesias de Galicia en la Edad Media. Estudio histórico-bibliográfico*, Madrid, Imp. de Aribau y Cia, 1874.

Villa-Amil y Castro, José, *Los foros de Galicia en la Edad Media. Estudio de las transformaciones que ha sufrido en Galicia la Contratación*, Madrid, Tip. Sucesores de Rivadeneyra, 1884.

A extensión total dos artigos estará entre 9000 e 12 000 palabras, empregando unha única fonte –tipo de letra– para o conxunto do texto (resumos, notas e bibliografía inclusive).

Acompañaranse dunha primeira páxina na que figurarán o título, a autoría, os datos profesionais, a institución de pertenza, o enderezo electrónico, o teléfono e o enderezo postal particular completo, así como o do centro de traballo (segundo as normas de estilo que se indican máis adiante).

Na segunda páxina incluíranse o título do artigo, un resumo e seis palabras clave como máximo; todo isto –título, resumo, palabras clave– traducido tamén ao inglés e ao galego, ou ao inglés e ao español se o orixinal estivese en galego. Con outras linguas, sempre se esixirá cando menos a tradución ao español e ao inglés. Tamén se fará constar a data (día/mes/ano) de envío ou entrega á revista.

O resumo describirá nunhas 200 palabras o obxectivo, fontes, metodoloxía, argumentos e conclusións do artigo. É aconsellable que esta estrutura sexa mantida no contido do artigo.

Os diversos apartados nos que se divida o artigo levarán os títulos en letra VERSAL.

**Recensións:** A revista encargará a especialistas a crítica que considere oportuna de cantas obras historiográficas traten preferentemente sobre temas galegos. A súa extensión non excederá as 3000 palabras. En ningún caso serán aceptadas para a súa publicación aquelas recensións que non foran encargadas polo Consello de Redacción. A revista agradecerá propostas de obras, ben facilitando os seus datos editoriais a través do correo [cuadernos@iegps.csic.es](mailto:cuadernos@iegps.csic.es), ou mediante o envío de dous exemplares –un para a biblioteca do Instituto e outro para o autor da recensión– ao seguinte enderezo postal:

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento  
Redacción da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*  
Antigo Hospital de San Roque  
Rúa de San Roque, 2  
15704 Santiago de Compostela (A Coruña)  
España

O Consello de Redacción resérvase o dereito de publicar orixinais que non estean redactados en español ou galego.

#### ENVÍO

Os materiais serán enviados a través da páxina web da revista <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/> integrada no software *Open Journal System* (OJS). Serán: texto completo, texto anonimizado e todo o aparato gráfico, no caso de telo, nunha carpeta comprimida que inclúa tamén os pés de imaxe. Todo isto en soporte informático debidamente rotulado con formato Microsoft® Word .doc, .docx ou similares (.odt) para o texto básico; Acrobat® .pdf para o texto anonimizado e formato .rar o .zip para a carpeta comprimida coas ilustracións.

#### NORMAS DE ESTILO

Cómpre destacar que Editorial CSIC aposta polas investigacións precisas, non subxectivas e interseccionais, isto é, sensibles á complexidade e amplitude dos contextos culturais, biolóxicos, económicos e sociais. Así mesmo, recoméndase empregar a linguaxe inclusiva e non sexista nos textos que se presenten para publicación. Estas recomendacións están desenvolvidas na Guía de boas prácticas de Editorial CSIC, [descargable en <https://revistas.csic.es/public/guia\\_buenas\\_practicas\\_CSIC.pdf>](https://revistas.csic.es/public/guia_buenas_practicas_CSIC.pdf). Considerarase a pertinencia de incorporar o sexo ou o xénero como variable de análise e establecerase se tivo influencia nos resultados obtidos.

Para facilitar a axeitada identificación e visibilidade dos autores e das autoras e das súas institucións. e defender a integridade dos seus nomes persoais, a revista establece as seguintes normas:

Deben asinar co nome e apelidos que acostuman a empregar na súa carreira profesional.

Deberán incluír o seu *Open Researcher and Contributor ID* (ORCID, <http://orcid.org/>). Este identificador permite ao persoal investigador dispoñer dun código de autoría persistente e inequívoco que os distingue claramente a eles e á súa produción científica e técnica. A solicitude do código ORCID é libre, gratuíta e competencia exclusiva dos autores e das autoras, como o é a súa posterior actualización e mantemento. Co obxectivo de asegurar unha correcta transmisión de información e interoperabilidade da edición electrónica da revista, e de beneficiar os investigadores e as investigadoras coas múltiples opcións de interconexión que ofrece o ORCID, este código deberá incluírse obrigatoriamente en todos os artigos publicados en *Cuadernos de Estudios Gallegos*.

Deberán incluír tamén a súa filiación institucional: grupo ou departamento, nome do centro, institución (sempre escritos do mesmo xeito e cos seus respectivos acrónimos –se os teñen–), e enderezo postal completo. Recoméndase incluír o enderezo electrónico dos autores. Toda esta información será publicada na revista.

#### Exemplo:

Departamento de Humanidades, Facultade de Humanidades, Universidade da Coruña (UDC), Campus de Esteiro s/n, 15403 Ferrol (A Coruña. España). Enderezo electrónico (a ser posible institucional, sempre que sexa de uso habitual).

No caso de centros mixtos, mencionaranse as institucións implicadas.

#### Exemplo:

Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS), CSIC-Xunta de Galicia, Rúa de San Roque 2, 15704 Santiago de Compostela (A Coruña. España). Enderezo electrónico: (a ser posible institucional, sempre que sexa de uso habitual).

Os nomes deben aparecer nas bibliografías axustándose ao modo como se cita no texto orixinal, e evitando reduci-lo á inicial ou iniciais cando figura o nome completo. Se se trata dunha obra de autoría múltiple, na bibliografía deberán aparecer todos os nomes. Só se poderán abreviar, cando sexan máis de tres, coa expresión *et al.* ou *et alii* en nota a rodapé (nunca na bibliografía).

#### Exemplo de cita na bibliografía:

Enjo Babío, María Ascensión; López Martínez, Amalia; Losada Meléndez, María José; Otero Piñeyro Maseda, Pablo S.; Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo; Rubio Martínez, Amparo, Romaní Martínez, Miguel, e Vaquero Díaz, María Beatriz, “Selección documental”, en Eduardo Pardo de Guevara y Valdés (ed.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 2017 (Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, 44), páxs. 619-722.

#### Exemplo de cita en nota a rodapé:

María Ascensión ENJO BABÍO *et al.*, “Selección documental”, en Eduardo Pardo de Guevara y Valdés (ed.), *Mujeres con poder en la Galicia medieval (siglos XIII-XV). Estudios, biografías y documentos*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 2017 (Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, 44), páxs. 696-698, doc. núm. 35.

**Siglas e abreviaturas** especificaranse con toda claridade nunha nota inicial ou no lugar que se considere máis oportuno. Non se admiten termos de referencia en latín como *id.* (*idem*), *ibid.* (*ibidem*) o similares, salvo *et al.* (*et alii*).

#### Abreviaturas frecuentes:

carp., carps. = carpeta, carpetas	núm., núms. = número, números
com., coms. = comisariado / comisario, -a, comisarios, -as	páx., páxs. = páxina, páxinas
comp. = compárese	pról. = prólogo
coord., coords. = coordinación / coordinador, -a, coordinadores, -as	r.º = recto
cfr. = confróntese	[s. a.] = sen ano
D. L. = depósito legal	[s. l.] = sen lugar
dir., dirs. = director, -a / directores, -as	[s. n.] = sen nome
ed., eds. = edición / editor, -a, ediciones / editores, -as	t., ts. = tomo, tomos
<i>et al.</i> = e outros	trad., trads. = tradución / tradutor, -a, tradutores, -as
fasc., fascs. = fascículo, fascículos	v. = véxase, vide
fol., fols. = folio, folios	v.º = volto
n. = nota	vol., vols. = volume, volumes

**Gráficos, mapas, cadros estatísticos, táboas e figuras** estarán limitados a un máximo de oito, e incluírán unha mención ao método de análise, á bibliografía e ás fontes. Deberanse engadir ao texto no lugar de preferencia, e tamén por separado en arquivos individuais perfectamente identificados e numerados. As referencias aos mesmos no texto faranse con respecto a ese número con expresións como (Fig. 1), (Cadro 5), (Táboa 2), etc., de forma que se poida alterar a súa colocación en relación ao texto se así o requirise o axuste tipográfico ou as necesidades para darlle formato, aínda cando se indicase outro lugar de preferencia. Débese tamén anexar en arquivo independente os seus pés ou lendas perfectamente identificados. Todos estes arquivos informáticos enviaranse en formato Acrobat® .pdf, sendo preciso que se xeren, ao seu tamaño natural, cunha resolución de 300 ppp.

**As fotografías, debuxos, táboas xenealóxicas, reproducións e imaxes en xeral** seguirán as mesmas pautas establecidas no parágrafo anterior e tamén estarán limitadas a un máximo de oito, pero deberán enviarse preferentemente en formato .tiff, .jpg ou formato Acrobat® .pdf non inferior a 600 ppp. En calquera dos casos, recoméndase que as ilustracións sexan da mellor calidade en beneficio dunha óptima reprodución.

**As citas literais** doutros textos poñeranse en letra cursiva sen comiñas; se a cita supera as dúas liñas, escribirase en texto sangrado –sangría dobre– sen comiñas, centrada, letra cursiva e en corpo menor.

**As transcricións diplomáticas**, estean ou non en apéndices documentais, contarán sempre con numeración arábica en letra grosa –centrada–, datación completa –sangrado á marxe esquerda–, rexesto en cursiva –excepto a palabra ou palabras que se copien textualmente do documento–, e ficha catalográfica –coas súas observacións, no caso de habelas–, en corpo menor. Deberanse indicar os criterios de transcrición

empregados, así como detallar os signos utilizados. Véxase o apartado “Citas de documentación de arquivo”.

Exemplo:

6

1347, outubro, 31.- Lugo.

*Fernán Eáns, clérigo de Santalla, afora a Pedro Yáñez de San Martiño, á súa muller Inés Fernández e a dúas voces, unhas herdades en Piñeiro e Gándaras, por pago dun moio de pan de centeo, tres maravedís por dereitura, dúas galiñas, e outras prestacións.*

QUIROGA, *Arquivo da Casa de Otero*, leg. 1, núm. 6, carta part. por a.b.c., perg., **orix.**, galego, letra de albaes, 195 x 240 mm.

**Observacións:** O pergamino contén no seu reverso rexesto en letra cortesá que non se corresponde co contido do documento.

**As maiúsculas** empregaranse como inicial de nomes propios e apelidos; de institucións (Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento), pero non de nomes comúns como rei, conde, duque, papa, provincia etc.

**Citas bibliográficas:** para a forma de remisión bibliográfica empregárase o método de citas a rodapé con números arábigos voados situados antes dos signos de puntuación. O estilo para elaborar as referencias bibliográficas seguirá o sistema descritivo da tradición bibliográfica hispánica na primeira cita e unha referencia abreviada con puntos suspensivos nas seguintes. Así mesmo, débense incorporar os identificadores DOI das obras que o teñan (recoméndase o uso da ferramenta *Simple Text Query de CrossRef* para facer esta comprobación):

**Libros:** O nome dos autores ou das autoras en minúsculas, mentres que os apelidos deberán ir en letra VERSAL, o título do libro en *cursiva*, lugar de publicación, editorial e ano (de existir, recoméndase a colección entre parénteses).

Exemplos:

Antolín LÓPEZ PELÁEZ, *El señorío temporal de los obispos de Lugo*, vol. 1, Coruña, Eugenio Carré, 1897, páx. 150.

María José PORTELA SILVA e José GARCÍA ORO, *La iglesia y la ciudad de Lugo en la Baja Edad Media: los señoríos, las instituciones, los hombres*, Santiago de Compostela, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, CSIC, 1997 (Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, 24).

Exemplos de referencias abreviadas (despois dunha primeira cita):

LÓPEZ PELÁEZ, *El señorío temporal...*, páx. 29.

PORTELA SILVA e GARCÍA ORO, *La iglesia y la ciudad de Lugo...*, páxs. 39-75.

Cando os libros teñan varios volumes ou tomos, a citación realizarase da seguinte maneira:

Se se desexa citar o conxunto da obra, engadirase, despois do ano de impresión, o total de volumes.

Exemplo:

María Ascensión ENJO BABÍO, *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense (s. XIV): estudio introductorio y transcripción*, Santiago de Compostela, Instituto de

Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 2018, 2 vols. (Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, 46).

Se se pretende citar soamente un dos volumes da obra que non teña un subtítulo definido, engadirase, despois do título, tras unha coma, en redonda.

Exemplo:

María Ascensión ENJO BABÍO, *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense (s. XIV): estudio introductorio y transcripción*, vol. 1, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 2018 (Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos, 46), doc. núm. 348, páxs. 632-639.

Exemplo de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):

ENJO BABÍO, *Colección documental...*, vol. 1, doc. núm. 348, páxs. 636.

Se, polo contrario, ese volume ou tomo si consta de título identificativo, engadirase, despois do título xeral, tras punto e seguido, en *cursiva*, seguido de dous puntos.

Exemplo:

M.<sup>a</sup> Dolores VILA JATO, “O segundo tercio do século XVI: a influencia castelá”, en M.<sup>a</sup> Dolores Vila Jato e José Manuel García Iglesias, *Galicia. Arte. Tomo 12: Galicia na época do Renacemento*, A Coruña, Hércules de Ediciones, D. L. 1993 (Proxecto editorial Galicia, dirixido por Francisco Rodríguez Iglesias), páxs. 203-239.

Exemplo de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):

VILA JATO, “O segundo tercio...”, páxs. 209-211.

Volumes colectivos: Citaranse do mesmo xeito que os libros dun só autor ou autora, engadindo a abreviatura correspondente sen maiúscula inicial ao nome do ou da responsable da edición, dirección ou coordinación (ed.), (dir.) ou (coord.), ou os seus plurais de ser o caso.

Exemplo:

Isidro GARCÍA TATO e Ana María SUÁREZ PIÑEIRO (eds.), *Actas de La cultura del vino. Primer Congreso Peninsular, O Barco de Valdeorras, 10 al 12 de mayo de 2002*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 2005.

Obras clásicas en edicións actuais: Aparecerá o nome dos autores ou das autoras (cando corresponda) seguido do título en *cursiva*, responsable da edición, lugar, editorial e ano (de existir, recoméndase engadir a colección entre parénteses).

Exemplos:

Vasco de APONTE, *Recuento de las Casas antiguas del Reino de Galicia*, introd. e ed. crítica de Manuel C. Díaz y Díaz *et al.*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1986.

*Historia Compostellana*, ed. de Emma Falque Rey, Turnholt, Brepols, 1988 (Corpus Christianorum. Continuatio Mediaevalis, 70).

Exemplos de referencias abreviadas (despois dunha primeira cita):

APONTE, *Recuento de las...*, páx. 36.

*Historia Compostellana*, páx. 334.

Capítulo de libro (inclúense as actas de congreso): O nome dos autores ou das autoras en minúsculas, mentres que os apelidos deberán ir en letra VERSAL, o título do capítulo entre comiñas, seguido de “en” e responsabilidade da obra completa, título desta en *cursiva*, vol. da obra se é máis dun, lugar de publicación, editorial, ano e páxs.

**Exemplos:**

Esther CORRAL DÍAZ, “María Balteira e a peregrinación a Terra Santa”, en Carlos Andrés González Paz (ed.), *Mujeres y peregrinación en la Galicia medieval*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 2010 (Monografías de Cuadernos de Estudios Gallegos, 11), páxs. 82-89.

Isidro GARCÍA TATO, “Regulación vitivinícola en el señorío de los condes de Ribadavia: el ejemplo de Valdeorras”, en Isidro García Tato e Ana María Suárez Piñeiro (eds.), *Actas de La cultura del vino. Primer Congreso Peninsular, O Barco de Valdeorras, 10 al 12 de mayo de 2002*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, 2005, páxs. 229-258.

**Exemplos de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):**

CORRAL DÍAZ, “María Balteira...”, pág. 92.

GARCÍA TATO, “Regulación vitivinícola...”, pág. 231.

Artigos: O nome dos autores ou das autoras en minúscula, mentres que os apelidos deberán ir en VERSAL, título do artigo entre comiñas, nome da revista en *cursiva*, volume, número, ano entre parénteses, páxs. e DOI (se o tivese) entre corchetes angulares.

**Exemplo:**

Rosario VALDÉS BLANCO-RAJOY, “Camino Francés y urbanismo en la Galicia medieval: el caso del antiguo burgo de Triacastela”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 69, 135 (2022), páxs. 109-154, <<https://doi.org/10.3989/ceg.2022.135.04>>.

**Exemplo de referencias abreviadas (despois dunha primeira cita):**

VALDÉS BLANCO-RAJOY, “Camino Francés...”, páxs. 111-113.

Os artigos de revistas electrónicas seguirán un esquema semellante. Indicarase este formato entre corchetes despois do nome da revista, seguido do DOI (se o tivese), ou no seu defecto do enderezo web, entre corchetes angulares e o día, mes e ano de consulta entre corchetes.

**Exemplos:**

José MATTOSO, “Introdução: Legitimação e linhagem”, *e-Spania* [revista electrónica], 11 (xuño 2011), dispoñible en <<https://doi.org/10.4000/e-spania.20258>> [Consulta: 01/07/2023].

Antonio SÁEZ DELGADO, “A recepção de Almada Negreiros em Espanha”, *Revista de História da Arte. Série W* [revista electrónica], 2 (2014), dispoñible en <<http://hdl.handle.net/10174/14019>>, páxs. 52-62 [Consulta: 01/07/2023].

**Exemplos de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):**

MATTOSO, “Introdução: Legitimação e linhagem”.

SÁEZ DELGADO, “A recepção de Almada...”, pág. 54.

Artigos de prensa ou hemeroteca: O nome dos autores ou das autoras en minúscula, mentres que os apelidos deberán ir en letra VERSAL, título do artigo entre comiñas, nome da publicación periódica en *cursiva*, número, data completa entre parénteses sen coma previa, páxs. Se non hai facilidade para consultar as páxinas, pódese prescindir da súa mención.

Exemplo:

CONDE DE PALLARES, “Caminos de Galicia”, *El Correo de Lugo*, 7 (20-06-1860), páx. 1.

Exemplo de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):

CONDE DE PALLARES, “Caminos de Galicia”, páx. 1.

Os artigos de prensa ou hemeroteca consultados en rede seguirán un esquema semellante. Indicarase o formato de acceso entre corchetes, o nome do repositorio onde se consultou en *cursiva*, URL entre corchetes angulares e data de consulta entre corchetes.

Exemplo:

José VILLA-AMIL Y CASTRO, “Otra piedra vacilante y varias rectificaciones”, *Galicia diplomática*, ano III, núm. 30 (29-07-1888), páxs. 226-227 [en línea], disponible en *Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia* <[https://biblioteca.galiciana.gal/gl/publicaciones/numeros\\_por\\_mes.do?idPublicacion=4963&anyo=1888](https://biblioteca.galiciana.gal/gl/publicaciones/numeros_por_mes.do?idPublicacion=4963&anyo=1888)> [Consulta: 16/05/2023].

Exemplo de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):

VILLA-AMIL Y CASTRO, “Otra piedra vacilante...”, páxs. 226-227.

Teses de doutoramento inéditas: Citaranse do mesmo xeito que calquera libro, pero indicando, despois do título e entre comas, a condición de tese inédita, o lugar, a universidade e o ano.

Exemplo:

Amparo RUBIO MARTÍNEZ, *Hacienda y gobierno de los Reyes Católicos en Galicia*, tese de doutoramento inédita, Madrid, Universidad Complutense de Madrid, 2007, páxs. 73-80.

Exemplo de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):

RUBIO MARTÍNEZ, *Hacienda y gobierno...*, páx. 82.

Catálogos de arte: Citaranse do mesmo xeito que calquera libro, pero indicando, despois do título e entre corchetes, a condición de catálogo de exposición.

Exemplo:

José Manuel GARCÍA IGLESIAS (com.), *Galicia no tempo* [catálogo de exposición], Santiago de Compostela, Arzobispado de Santiago de Compostela; Xunta de Galicia, 1992, páxs. 39-41.

Exemplo de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):

GARCÍA IGLESIAS (com.), *Galicia no tempo*, páx. 47.

Os catálogos electrónicos seguirán un esquema semellante. Despois do ano engadirase o formato de acceso entre corchetes, URL entre corchetes angulares e data de consulta entre corchetes.



**Exemplo:**

Carlos ASENSIO-WANDOSELL e Moisés PUENTE, *Miguel Fisac y Alejandro de la Sota. Miradas en paralelo* [catálogo de exposición], Madrid, Museo ICO; La Fábrica, 2014 [en liña], dispoñible en <[https://issuu.com/lafabrica/docs/fisac\\_sota\\_preview](https://issuu.com/lafabrica/docs/fisac_sota_preview)> [Consulta: 16/03/2020], páxs. 16-17.

**Exemplo de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):**

ASENSIO-WANDOSELL e PUENTE, *Miguel Fisac...* [Consulta: 16/03/2020], páx. 17.

**Memorias arqueolóxicas:** Citaranse do mesmo xeito que calquera libro, pero indicando, despois do título e entre comas, a condición de memoria técnica inédita, o lugar, o lugar de depósito entre parénteses e o ano.

**Ejemplo:**

Lorena VIDAL CAEIRO, *Excavación arqueolóxica en Área no entorno do Camiño Portugués no Castrado (Pk 0+980 - 1+050)*, memoria técnica inédita, Santiago de Compostela (depositada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia), 2011, páxs. 81-105.

**Exemplos de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):**

VIDAL CAEIRO, *Excavación arqueolóxica...*, páx. 87.

**Lexislación:** enunciarse a disposición, seguida da publicación oficial na que foi publicada – polo seu acrónimo – e en *cursiva*, o número e a data de publicación entre parénteses.

**Exemplos:**

Ley de 13 de mayo de 1933 relativa al Patrimonio Artístico Nacional, *Gaceta de Madrid*, núm. 145 (25-05-1933), páxs. 1393-1399.

Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, *DOG*, núm. 92 (16-05-2016), páxs. 18576-18689.

Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español, *BOE*, núm. 155 (29-06-1985), páxs. 1-34.

**Exemplos de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):**

Ley de 13 de mayo de 1933..., páx. 1397.

Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio..., páx. 18585.

Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio..., páxs. 9-10.

**Resto de publicacións en formato electrónico:** Indicarase a responsabilidade do autor ou da autora, formato de acceso entre corchetes, URL entre corchetes angulares e data de consulta entre corchetes:

**Exemplo:**

MINISTERIO DE CULTURA, *Portal de Archivos Españoles (PARES)* [na rede], dispoñible en <<http://pares.mcu.es/>> [Consulta: 01/01/2011].

XUNTA DE GALICIA, *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares* [CD ROM], [s. l.], Xunta de Galicia, D. L. 2004.

XUNTA DE GALICIA, *Galiciana: Biblioteca Dixital de Galicia* [en liña], dispoñible en <<https://biblioteca.galiciana.gal/>> [Consulta: 07/04/2023].

**Citas de documentación de arquivo:** a primeira vez que se cite unha fonte

arquivística mencionárase o nome do arquivo desenvolvido e en VERSAL, e entre parénteses as súas siglas precedidas da fórmula “en adiante”. A continuación, indicárase o fondo arquivístico en *cursiva* e o resto de datos identificativos (carpeta, libro, legaxo, etc.) separados entre comas. Finalmente, indicárase o número de folio ou folios (fol. ou fols.), tanto de manuscritos como de impresos, especificando se se trata do recto ou do verso, do seguinte modo: fol. 4v.º (cifra e letra xuntas, sen espazo entre elas). Así mesmo, nas referencias abreviadas suprimíranse os puntos nas siglas (AHN, non A.H.N.).

#### Exemplos:

ARCHIVO HISTÓRICO NACIONAL (en adiante AHN), *Clero*, leg. 3533.\*

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (en adiante ARG), *Libro de Pleitos*, 45368.

#### Exemplos de referencia abreviada (despois dunha primeira cita):

AHN, *Clero*, leg. 3533.

ARG, *Libro de Pleitos*, 45368.

\*Para citas arquivísticas do AHN recoméndase empregar a forma tradicional e non a moderna, que incorpora as sinaturas “CLERO–SECULAR\_REGULAR”. Exemplos: préfirese “*Clero*, carp. 1070/19” en lugar de “*CLERO–SECULAR\_REGULAR*, carp. 1070, n. 19”, ou “*Códices y cartularios*, L. 1008” en lugar de “*CÓDICES*, L.1008”.

## PROCESO DE AVALIACIÓN

*Cuadernos de Estudios Gallegos* xustificará a recepción dos orixinais recibidos a través da plataforma OJS mediante un correo automático. A revista poderá rexeitar un artigo sen necesidade de proceder á súa avaliación cando se considere que non se adapta escrupulosamente ás normas ou non se adecúa ao perfil dos contidos da publicación. Superado este primeiro filtro, *Cuadernos de Estudios Gallegos* empregará o software *iThenticate* como ferramenta de detección de plaxio. Con posterioridade, o Consello de Redacción resolverá sobre a publicación dun artigo despois de pasar un proceso de avaliación anónimo por especialistas na materia. Ademais do Consello de Redacción, *Cuadernos de Estudios Gallegos* conta cunha nutrida nómina de persoal avaliador de carácter nacional e internacional.

O Consello de Redacción, de conformidade cos informes recibidos, decidirá se procede ou non a súa publicación e, dado o caso, solicitaralles aos autores ou autoras as modificacións suxeridas nestes. A aceptación definitiva dunha contribución será comunicada mediante un correo xerado pola plataforma OJS á parte autora nun prazo estimado de doce meses.

O método de avaliación empregado no proceso de arbitraje é por “pares” e “dobre cego” (*double blind peer review*), manténdose o anonimato tanto da autoría como do equipo avaliador, alleo á entidade editora da revista. Se hai discrepancia envíanse a unha terceira persoa. A decisión da publicación pode vir condicionada pola introdución por parte dos autores e das autoras no texto orixinal das modificacións suxeridas nos informes, que lles serán enviados polos órganos xestores da revista. Notificaráselle tamén ao autor ou autora a aceptación definitiva do artigo. Ao comezo de cada manuscrito figurarán as datas de recepción e aprobación do mesmo.

As listaxes do equipo avaliador externo faranse públicas cada dous números.

## CORRECCIÓN DE PROBAS

Os orixinais recibidos consideraranse a efectos de imprenta como definitivos. Os autores e as autoras recibirán as primeiras probas de imprenta para a súa corrección. Esta só se refire aos erros gramaticais ou tipográficos que non se axusten ás normas de edición, limitándose a emendar o que estea errado. Non se poderán facer modificacións no texto que alteren de modo significativo o axuste tipográfico ou eleven o custe de edición. Para evitar atrasos na publicación prégase a máxima rapidez na devolución das probas corrixidas nun prazo non superior a quince días naturais. A corrección das segundas probas será efectuada pola Secretaría e a Dirección ou o Consello de Redacción.

#### SEPARATAS

O Secretario entregará aos autores ou ás autoras unha copia do seu artigo co formato da edición en .pdf, que substitúe as separatas en papel.

A publicación de traballos non dá lugar a ningún tipo de remuneración.

Os orixinais da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, publicados en versión electrónica, son propiedade do Consello Superior de Investigacións Científicas, sendo necesario citar a procedencia en calquera reprodución parcial ou total.

#### DECLARACIÓN DE PRIVACIDADE

Os nomes, así como os enderezos postais e electrónicos introducidos nesta revista serán usados exclusivamente para os fins declarados nela e non estarán dispoñibles para ningún outro propósito ou persoa.

#### POLÍTICA DE DEPÓSITO DE DATOS DE INVESTIGACIÓN

Recomendamos aos autores e ás autoras que depositen os datos obtidos da investigación desenvolvida para a preparación do seu artigo en repositorios de recoñecido prestixio, específicos da disciplina ou de tipo xeral. En calquera caso, deberá ser un repositorio FAIR (*Findable, Accessible, Interoperable, Reusable*), preferiblemente en acceso aberto.

Existen diversos repositorios destinados a conservar e difundir datos concretos como resultados de enquisas, observacións, entrevistas, simulacións, datos recollidos automaticamente, mostras, modelos etc. No caso de que sexa preciso, pode consultarse o Rexistro de repositorios de datos de investigación re3data (*Registry of Research Data Repositories*, (<https://doi.org/10.17616/R3D>), tendo en conta que cada repositorio conta coas súas propias normas de depósito.

Se o autor ou a autora depositou os datos da súa investigación nun repositorio deberá mencionalo no artigo, facilitando unha breve descrición do tipo de datos depositados, o nome e a URL do repositorio, o código identificación e os datos de licenza de uso e distribución. Esa información deberá figurar ao final do artigo, inmediatamente antes da listaxe bibliográfica, baixo o epígrafe “Dispoñibilidade de datos depositados”.